

**Disposición transitoria segunda.** *Normas relativas ós convenios colectivos vixentes.*

As modificacións introducidas polo presente real decreto-lei no réxime xurídico dos contratos a tempo parcial e de relevo non afectarán a vixencia das disposicións relativas ós ditos contratos contidos nos convenios colectivos vixentes na data de entrada en vigor desta disposición, que continuarán sendo de aplicación.

**Disposición transitoria terceira.** *Réxime de protección social aplicable ós contratos en vigor.*

As disposicións contidas no artigo segundo seranlles de aplicación a tódolos contratos a tempo parcial, calquera que sexa a data da súa celebración, a partir da entrada en vigor deste real decreto-lei, de conformidade co previsto na súa disposición derradeira segunda.

**Disposición adicional única.** *Avaliación das medidas.*

O Goberno, á vista dos resultados das medidas contidas no presente real decreto-lei e tras consultar ou, se é o caso, proposta das organizacións sindicais e as asociacións empresariais máis representativas, poderá promover cambios lexislativos no limiar da xornada que define o traballo a tempo parcial, o límite máximo de horas complementarias que poden ser obxecto de pacto específico, a distribución e forma de realización das horas complementarias, así como os límites e condicións para a consolidación na xornada ordinaria inicialmente pactada dunha parte das horas complementarias.

**Disposición derogatoria única.** *Alcance da derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto neste real decreto-lei.

**Disposición derradeira primeira.** *Facultades de desenvolvemento.*

1. O Goberno dictará as disposicións que sexan precisas para o desenvolvemento deste real decreto-lei.

2. Autorízase o director xeral do Instituto Nacional de Empleo para aproba-los modelos de contrato a tempo parcial e de pacto de horas complementarias a que se refiren respectivamente a letra a) do número 4 e a letra a) do número 5 do artigo 12 do Estatuto dos traballadores, na redacción dada por este real decreto-lei.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto-lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», agás as disposicións contidas nas regras segunda e terceira da disposición adicional sétima da Lei xeral da Seguridade Social, na redacción dada polo artigo segundo do presente real decreto-lei, que comezarán a producir efecto a partir da entrada en vigor das disposicións regulamentarias previstas na disposición derradeira primeira que as desenvolvan, que deberán dictarse no prazo máximo de tres meses.

Dado en Madrid o 27 de novembro de 1998.

JUAN CARLOS R.

**27864 LEI ORGÁNICA 8/1998, do 2 de decembro, de réxime disciplinario das Forzas Armadas.** («BOE» 289, do 3-12-1998.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Resulta ser unha constante histórica a preocupación pola protección da disciplina militar mediante o establecemento de normas que procurasen a adhesión a ela e, en caso de quebrantamento, a inmediata reparación a través do exercicio das potestades disciplinarias atribuídas ós mandos militares. Ben nas ordenanzas particulares e xerais, ben en normas codificadas, a protección e mantemento da disciplina constituíu nos exércitos un obxectivo consubstancial á institución mesma.

A disciplina, factor de cohesión que obriga a todos por igual, di o artigo 11 da Lei 85/1978, do 28 de decembro, de reais ordenanzas das Forzas Armadas, será practicada e esixida como norma de actuación. Ten a súa expresión colectiva no acatamento da Constitución, á que a institución militar está subordinada. Pola súa banda, o artigo 28 di que a disciplina obriga a mandar con responsabilidade e a obedece-lo mandado. A adhesión racional do militar ás súas regras, froito da subordinación a valores superiores, garante a rectitude de conducta individual e colectiva e asegura o cumprimento rigoroso do deber.

No aspecto normativo, un importante punto de inflexión no réxime disciplinario supuxo a Lei orgánica 12/1985, do 27 de novembro, que entrou en vigor, simultaneamente co Código penal militar, o día 1 de xuño de 1986.

A publicación de ámbalas normas tiña como primeiro e máis aparente obxectivo lograr unha efectiva separación entre a esfera penal, comprensiva de condutas delictivas, e a esfera disciplinaria que, seguindo o modelo doutros códigos de disciplina europeos, recolle aquelas condutas que, con independencia da súa natureza e pola súa maior venialidade, reservan a súa sanción e castigo ó mando militar como instrumento para o mantemento da disciplina. Deste modo a autonomía lexislativa do réxime disciplinario quebraba a tradicional unidade, orixinadora nalgúns casos de confusión, da regulación do penal e o disciplinario.

Outro obxectivo, tamén proposto, era atopalo necesario equilibrio entre a protección da disciplina, esencial para o correcto funcionamento das Forzas Armadas, e as garantías individuais recollidas na Constitución, incorporando á materia disciplinaria un conxunto de dereitos constitucionais de inescusable observancia, inspirándose para iso na doutrina que sobre esta materia se contén nas resolucións do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos e do Tribunal Constitucional.

Hoxe, coa perspectiva que ofrece o tempo transcorrido da súa vixencia, obsérvase que, aínda cando algunhas dificultades na súa aplicación desapareceron ou minoraron a transcendencia que tiveron nos primeiros tempos de vixencia da lei, outras, sen embargo, permanecen e faise necesario corrixilas.

En efecto, o incompleto ou defectuoso tratamento legal dado a algúns extremos esenciais do réxime disciplinario crea, nunhas ocasións, lagoas, inseguridade xurídica e prexuízos para a propia disciplina, e noutras obriga a acudir a normas de aplicación subsidiaria que non recollen especificamente as peculiaridades da orga-

nización castrense. Igualmente, débese acabar coa dispersión lexislativa producida polas reformas parciais, recollidas mesmo en normas completamente alleas ó réxime sancionador, que esixe a súa ordenación e sistematización e, en último termo, deben incorporarse os criterios contidos na xurisprudencia da Sala Quinta do Tribunal Supremo e do Tribunal Constitucional ós que se debe a interpretación de diversos preceptos substantivos e adxectivos.

Por tanto, o réxime disciplinario é susceptible de melloras dirixidas a facilita-la súa aplicación, dentro dos límites que impoñen a Constitución e as leis, e a lograr, á parte unha desexable calidade técnica, o seu tratamento adecuado para permitir un correcto funcionamento que, en definitiva, beneficie as Forzas Armadas.

Sen embargo, non se trata de rexeitar ou ignorar aqueles aspectos da Lei que demostraron a súa eficacia. Polo contrario, moitos deles encontráronse nesta lei, que recolle a experiencia da súa aplicación no que ten de positiva, pero tamén outros esixen a súa fonda revisión porque as necesidades da disciplina nas Forzas Armadas así o demanda.

Neste sentido, e ó abeiro da habilitación lexislativa estatal contida no artigo 149.1.4.<sup>a</sup> da Constitución, preséntase a ocasión de adapta-lo réxime disciplinario ás notas singulares que caracterizarán as Forzas Armadas nun futuro próximo.

Así, en primeiro lugar, débese ter en conta o proceso, xa iniciado, de profesionalización das Forzas Armadas, para substituír paulatinamente o actual modelo mixto por outro estrictamente profesional. Esta circunstancia impón conxugar un réxime disciplinario dirixido fundamentalmente a un persoal profesionalizado na súa práctica totalidade, sen esquece-lo persoal non profesionalizado que durante un período transitorio seguirá formando parte das Forzas Armadas.

En segundo lugar, as Forzas Armadas, en especial o Exército de Terra, encóntranse inmersas nunha fonda reorganización que as faga máis operativas para lle facer fronte a unha nova situación estratéxica na que se deben atender novas misións, substituíndo o despregamento territorial por outro máis proclive a lles dar resposta a estas misións.

En definitiva, constitúe o obxecto e propósito desta lei mellorar e perfecciona-lo réxime disciplinario, atender e dar resposta ás esixencias da disciplina dun Exército moderno situado no limiar do século XXI, outorgarlle ó mando militar un instrumento eficaz, e todo iso sen menoscabo nin mingua das garantías e dereitos recoñecidos a toda persoa.

O seu articulado está encabezado pola definición do obxecto do réxime disciplinario, que non pode ser outro que o de garantir, en primeiro lugar, a observancia da Constitución e das reais ordenanzas, en canto estas últimas constitúen a regra moral da institución e o marco que define, de acordo coa Constitución e coas leis, as obrigas e dereitos dos seus membros.

Sobre esta base, o contido recolle a materia propia dos réximes disciplinarios. Os cambios que introduce son numerosos, merecendo destacarse, sen pretensión de exhaustividade, os seguintes.

A incorporación de novos tipos disciplinarios, ben mediante a súa formulación autónoma, ben mediante unha nova redacción dos xa existentes, máis acordes co principio de legalidade, e eliminando, no posible, conceptos xurídicos indeterminados. Aínda que permanece a división bipartita das infraccións en leves e graves, tradicional no dereito militar, abandónase a tamén tradicional regulación separada e autónoma das causas de responsabilidade disciplinaria extraordinaria por non seren tan substancialmente distintas daquelas, concibidas do modo que expuxo o Tribunal Constitucional.

Así como as actuacións que afecten a liberdade sexual de inferiores ou iguais, do mesmo ou distinto sexo, valéndose da condición de superior, de antigüidade, de superioridade física ou de calquera circunstancia análoga, ou a embriaguez e consumo de drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas con habitualidade, sancionando como falta leve os actos episódicos de consumo de bebidas alcohólicas durante o servizo ou con ocasión del, e como falta grave estes mesmos supostos cando son en servizo de armas ou portando estas.

Así mesmo, dada a transcendencia e o reproche social das condutas relacionadas co consumo de drogas, optouse por elevar á categoría de falta grave a introducción en lugares militares, a tenza e o consumo de drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas. Tamén se inclúen no catálogo de faltas graves, cunha redacción máis acorde co que demanda a disciplina dos Exércitos e a propia sociedade, a realización de actos que supoñan un ataque á liberdade sexual das persoas, cando o acto non constitúa infracción máis grave ou delito.

As razóns que xustifican a redución do límite máximo da sanción de arresto por falta grave encóntranse no dereito disciplinario comparado dos países da nosa contorna occidental, no que poucos prevén sancións de arresto de dous meses de duración e en ningún se supera. Esta redución permitirá, ademais, que o límite mínimo da pena de prisión prevista no Código penal militar poida baixar en determinadas circunstancias sen confundirse coa sanción disciplinaria.

A potestade disciplinaria descansa fundamentalmente no mando militar que se exerce e habilita para sanciona-lo persoal que se encontra directamente subordinado. Substituír ou combinar este criterio de atribución de potestade con outros, como o da territorialidade ou o funcional, non conduce a resultados satisfactorios, e non xustifica os riscos da alteración duns hábitos sancionadores xa adquiridos, unha vez superadas as iniciais dificultades de adaptación ó novo sistema sancionador.

O criterio xeral está matizado por un conxunto de regras especiais destinadas a lles dar resposta a determinadas situacións que, por razón da persoa, do lugar ou da función demandan un tratamento singularizado. Entre aquelas cabe destaca-lo exercicio da potestade disciplinaria nas unidades ou grupos temporais desprazados fóra do territorio nacional, a bordo dos buques, ou respecto dos alumnos dos centros de formación, e dos que exercen funcións xudiciais na xurisdicción militar.

En materia de procedementos regúlanse substancialmente dous. Un, oral, para sancionar faltas leves; outro, escrito, para sancionar faltas graves, e, con determinadas especialidades, para impoñer sancións disciplinarias extraordinarias mediante o expediente gubernativo. En ambos procurouse avanzar no recoñecemento das garantías e dereitos persoais, adaptados ás características de cada procedemento.

Por último, o carácter innovador desta lei require a revisión e reforma da Lei orgánica 4/1987, do 15 de xullo, de competencia e organización da xurisdicción militar; da Lei orgánica 11/1991, do 17 de xuño, de réxime disciplinario da Garda Civil; da Lei 17/1989, do 19 de xullo, reguladora do réxime do persoal militar profesional, e da Lei 28/1994, do 18 de outubro, pola que se completa o réxime de persoal do corpo da Garda Civil, a que se dedican as correspondentes disposicións adicionais.

## TÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1.

O réxime disciplinario das Forzas Armadas ten por obxecto garanti-la observancia da Constitución, das reais ordenanzas e das demais normas que rexen a institución militar, o cumprimento das ordes do mando e o respecto á orde xerárquica, con independencia da protección penal que a todo iso corresponda e do exercicio das potestades disciplinarias xudiciais.

#### Artigo 2.

1. Constituirán faltas disciplinarias as accións e omisións previstas nesta lei. Para os efectos da súa determinación seranlles de aplicación, no que proceda, as definicións de conceptos non penais contidas no título I do libro I da Lei orgánica 13/1985, do 9 de decembro, do Código penal militar.

2. As infraccións disciplinarias darán lugar á imposición das correspondentes sancións establecidas nesta lei.

#### Artigo 3.

1. Están suxeitos ó disposto na presente lei os militares de carreira e os demais militares que manteñen unha relación de servicios profesionais, agás que, conforme a súa lexislación específica, pasen a situacións administrativas nas que deixen de estar suxeitos ó réxime xeral de dereitos e obrigas do persoal das Forzas Armadas e ás leis penais e disciplinarias militares.

2. Os militares non profesionais seralles de aplicación durante a realización do servizo militar. Tamén lle será de aplicación a quen se incorpore a prestar servizo nas Forzas Armadas, por aplicación da lexislación reguladora da mobilización nacional.

3. Os alumnos dos centros docentes militares de formación estarán suxeitos ó previsto nesta lei. As infraccións de carácter académico no ensino de formación non están incluídas no réxime disciplinario militar, e sancionaranse de acordo coas súas normas específicas.

#### Artigo 4.

A iniciación dun procedemento penal non impedirá a incoación e tramitación de expedientes disciplinarios polos mesmos feitos. Emporiso, a resolución definitiva do expediente só se poderá producir cando fose firme a dictada naquel procedemento, a declaración de feitos probados do cal vinculará a Administración. Só poderá recaer sanción penal e disciplinaria sobre os mesmos feitos cando non houber identidade de ben xurídico protexido.

O tempo transcorrido desde o inicio dun procedemento penal ata a comunicación á autoridade disciplinaria da súa resolución firme non se computará para a prescrición da infracción disciplinaria.

## TÍTULO II

### Potestade disciplinaria

#### Artigo 5.

A facultade de sancionar por vía disciplinaria nas Forzas Armadas atribúeselle ó ministro de Defensa, ó xefe do Estado Maior da Defensa, ó subsecretario de Defensa,

ós xefes dos Estados Maiores do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire e ás demais autoridades e mandos ós que pola súa función ou cargo lles corresponda segundo o regulado na presente lei.

#### Artigo 6.

As sancións que se impoñan no exercicio da potestade disciplinaria militar gardarán proporción cos feitos que as motiven e individualizaranse atendendo as circunstancias que concorran nos autores e as que afecten ou poidan afecta-lo interese do servizo. Especialmente terase en conta a condición de militar non profesional para graduar-las sancións con menor rigor.

A condición de alumno e o desenvolvemento das súas actividades en centros docentes militares de formación e noutras unidades, centros ou organismos onde se encontren completando aquela, serán tidos especialmente en consideración na aplicación a eles dos preceptos desta lei.

## TÍTULO III

### Faltas e sancións

#### CAPÍTULO I

#### Infraccións disciplinarias

#### Artigo 7.

Son faltas leves:

1. A negligencia no cumprimento das obrigas do destino ou posto e a falta de interese na instrucción ou preparación persoal.

2. A inexactitude no cumprimento das ordes recibidas e das normas de réxime interior.

3. A inexactitude no cumprimento das normas sobre seguridade militar en materia de obrigada reserva.

4. A inexactitude no cumprimento das obrigas dun servizo de armas ou garda de seguridade.

5. O descoido na conservación do armamento, material e equipamento.

6. O descoido no aseo persoal e a infracción das normas que regulan a uniformidade.

7. Ostentar insignias, condecoracións ou outros distintivos militares ou civís sen estar autorizado para iso.

8. As manifestacións de morneza ou disgusto no servizo e as murmuracións contra el, contra as ordes do mando ou doutros militares, así como tolerar-las ditas conductas nas forzas ou persoal subordinados.

9. A falta de puntualidade nos actos de servizo e as ausencias inxustificadas dos mesmos se non constituísen infracción máis grave.

10. A ausencia inxustificada do destino por un prazo inferior a vinte e catro horas dos militares profesionais e a cinco días dos militares non profesionais. O prazo computarase de momento a momento, sendo o inicial aquel en que o militar debía estar presente no destino.

11. A ausencia inxustificada dos alumnos do centro docente militar de formación, e outros centros de formación, por un prazo inferior a cinco días. O prazo computarase de momento a momento, sendo o inicial aquel en que o alumno debía estar presente no centro.

12. A falta de respecto a superiores e, en especial, as razóns descompostas ou réplicas desatentas a eles.

13. A irrespectuosidade ou a leve desobediencia a ordes da policía militar na súa función de axentes da autoridade.

14. Facer reclamacións ou peticións en forma ou termos irrespectuosos ou prescindindo das canles regradas.

15. A inexactitude ou descoido na tramitación regulamentaria das reclamacións ou peticións formuladas por subordinados.

16. Corrixir un subordinado de forma desconsiderada.

17. Ofender un subordinado ou un compañeiro con accións ou palabras indecorosas ou indignas.

18. Invadir sen razón xustificada as competencias atribuídas regulamentariamente ós subordinados e a tolerancia ante tales conductas.

19. Contraer débedas inxustificadas con subordinados.

20. A omisión de saúdo a un superior, o non devolvelo a un igual ou a un inferior e o inexacto cumprimento das normas que o regulan.

21. Promover ou tomar parte en alteracións da boa orde que, sen afecta-lo interese do servizo, se realicen no curso de actividades militares, ou en acuartelamentos, bases, buques, aeronaves ou establecementos militares.

22. As rifas ou altercados entre compañeiros.

23. Embriagarse vestindo uniforme ou publicamente cando afecte a imaxe da institución militar, ou en acuartelamentos, bases, buques, aeronaves ou establecementos militares, e en campamentos e zonas de exercicios, cando non constitúa infracción máis grave.

24. Consumir bebidas alcohólicas durante o servizo ou con ocasión del, e consentir ou tolerar tal conduta, cando non constitúa infracción máis grave ou delito.

25. O xogo dentro dos recintos militares, sempre que non constitúa un simple pasatempo ou recreo.

26. Acudir de uniforme a lugares ou establecementos incompatibles coa condición militar, comportarse de forma escandalosa e realizar actos contrarios ó decoro esixible ós membros das Forzas Armadas.

27. Deteriorar material ou efectos de carácter oficial, de escasa entidade; adquirir ou posuí-lo dito material ou efectos con coñecemento da súa ilícita procedencia ou facilitarllelos a terceiros.

28. A subtracción de escasa contía e os danos leves nas cousas realizados en acuartelamentos, bases, buques, aeronaves ou establecementos militares, ou en acto de servizo, cando non constitúa infracción máis grave ou delito.

29. Emitir ou tolerar expresións contrarias, realizar actos levemente irrespectuosos ou adoptar actitude de menosprezo contra a Constitución, a Coroa e demais órganos, institucións e poderes ou contra as persoas e autoridades que as encarnan, contra bandeira, o escudo e o himno nacionais e das demais institucións representativas, así como contra os representantes doutras nacións, as Forzas Armadas e os corpos que as compoñen e outros institutos ou corpos de natureza militar, así como contra os seus mandos e autoridades militares cando non constitúan infracción máis grave ou delito.

30. O trato incorrecto coa poboación civil no desempeño de funcións militares.

31. Expresar publicamente opinións que supoñan infracción do deber de neutralidade en relación coas diversas opcións políticas ou sindicais ou que afecten o debido respecto a decisións de tribunais de xustiza.

32. Prestar colaboración a organizacións políticas ou sindicais, sen ter solicitado previamente o pase á situación legalmente establecida. Os militares non profesionais deberán cumprila súa obriga de respecta-lo principio de neutralidade política nos termos sinalados pola lei, sen prexuízo de que, fóra dos recintos, acuartelamentos, buques, bases, aeronaves e demais establecementos militares, sen vestir uniforme, e durante o tempo en que non estean obrigados a permanecer e per-

noitar neles, poidan realiza-las actividades, políticas ou sindicais, que deriven da súa adscrición dunha ou doutra índole, e sempre que non se leven a cabo en relación, directa ou indirecta, cos seus compañeiros ou cos seus superiores, nin incidan, directa ou indirectamente, en actos relacionados co servizo, nin coas Forzas Armadas, a súa organización, estrutura e misións.

33. Auxiliar ou encubri-lo autor dunha falta grave disciplinaria.

34. As demais que, non estando nos números anteriores, supoñan unha inobservancia leve dalgún dos deberes que sinalan as reais ordenanzas, regulamentos e demais disposicións que rexen a Institución Militar.

## Artigo 8.

Son faltas graves:

1. Deixar de observar por negligencia e en tempo de paz unha orde recibida, causando dano ou risco para o servizo.

2. Incumpri-los deberes militares propios do destino ou posto que se desempeña cando non constitúa infracción máis grave ou delito.

3. Incumplir un deber militar por temor a un risco persoal.

4. Incorrer en negligencia na preparación, instrución e adestramento das forzas ou persoal subordinado.

5. A inobservancia grave das normas regulamentarias relativas ó armamento, material e equipo, así como o seu mal uso.

6. Incumpri-las obrigas da sentinela ou doutro servizo de armas, transmisións ou garda de seguridade, en tempo de paz, sempre que non se causar grave dano para o servizo.

7. Abandonar, en tempo de paz, un servizo ou garda distintos dos incluídos no número anterior ou colocarse en estado de os non poder cumprir.

8. Consumir bebidas alcohólicas en acto de servizo de armas ou portándoas, e consentir ou tolerar tal conduta, cando non constitúa infracción máis grave ou delito.

9. A introducción, tenza e consumo de drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas en acuartelamentos, bases, buques, aeronaves, establecementos ou calquera lugar militar, e en campamentos e zonas de exercicios, ou consentir ou tolerar tales conductas, e, así mesmo, o consumo das citadas substancias fóra dos ditos buques, aeronaves e lugares militares, cando se realice vestindo uniforme ou publicamente cando afecte a imaxe da Institución Militar, sempre que estas conductas non constitúan infracción máis grave ou delito.

10. Incumpri-las normas de obrigada reserva sobre asuntos do servizo, sen causar prexuízo grave á seguridade militar.

11. Divulgar información que poida afecta-la debida protección da seguridade ou da defensa nacional ou publicar datos que só poidan ser coñecidos en razón do destino ou cargo nas Forzas Armadas, cando non constitúa delito.

12. Ocasionar ou non impedir actos que supoñan risco para a seguridade dunha forza ou unidade militar.

13. Excederse arbitrariamente no exercicio da autoridade ou mando, sen lle causar prexuízo grave ó subordinado ou ó servizo.

14. Valerse do emprego para coartar ou lle impedir a calquera militar que se encontre de servizo o cumprimento das ordes relativas a el.

15. Utilizar para usos particulares medios ou recursos de carácter oficial ou facilitarllos a un terceiro, todo iso cando non constitúa delito.

16. Ordena-la execución de prestacións de tipo persoal alleas ó servizo.

17. Impedir, dificultar ou limitarlle a outro militar o libre exercicio dos dereitos que teña legalmente recoñecidos, cando non constituía delicto, así como interceptar ou devolver á súa orixe, sen lles da-lo debido curso regulamentario, as reclamacións ou peticións formuladas por subordinados.

18. Facer reclamacións, peticións ou manifestacións contrarias á disciplina ou baseadas en aseveracións falsas; realizalas a través dos medios de comunicación social ou formulalas con carácter colectivo.

19. Promover ou tomar parte en alteracións da boa orde no curso de actividades militares ou en acuartelamentos, bases, buques, aeronaves ou establecementos militares, cando lle causen prexuízo ó servizo.

20. A falta de subordinación, cando non constituía delicto.

21. Os actos con tendencia a ofender de obra a Policía Militar na súa función de axentes da autoridade.

22. Realizar accións que supoñan vexame ou menosprezo a subordinados ou compañeiros, deixar de auxilia-lo compañeiro en perigo ou levar a cabo accións ou omisións contrarias á dignidade militar susceptibles de produciren descrédito ou menosprezo das Forzas Armadas.

23. Realizar actos que afecten a liberdade sexual das persoas cando o acto non constituía infracción máis grave ou delicto.

24. Manter relacións sexuais en acuartelamentos, bases, buques, aeronaves e demais establecementos militares cando, pola forma e circunstancias en que se leven a cabo, ou pola súa transcendencia, atenten contra a dignidade militar.

25. Promover ou participar en discusións que susciten antagonismo entre os distintos exércitos e corpos das Forzas Armadas, ou de natureza militar.

26. Ocultar ou alterar ante autoridades ou superiores o verdadeiro nome, circunstancia ou destino ou facer uso de documento que non corresponda ó interesado.

27. A ausencia inustificada do destino nun prazo de vinte e catro horas a tres días dos militares profesionais e de cinco a quince días dos militares non profesionais. O prazo computarase de momento a momento, sendo o inicial aquel en que o militar debía estar presente no destino.

28. A ausencia inustificada dos alumnos do centro docente militar de formación e outros centros de formación, sen autorización, no prazo de cinco a quince días. O prazo computarase de momento a momento, sendo o inicial aquel en que o alumno debía estar presente no centro.

29. Deixar de prestar servizo, amparándose nunha suposta enfermidade ou prolongando inustificadamente a baixa para o servizo, cando non constituía infracción máis grave ou delicto.

30. Destruír, abandonar, deteriorar ou subtraer caudais, material ou efectos de carácter oficial cando pola súa contía non constituía delicto, adquirir ou posuí-lo dito material ou efectos con coñecemento da súa ilícita procedencia ou facilitárllelos a terceiros.

31. O incumprimento das normas sobre incompatibilidades.

32. Emitir ou tolerar manifesta e publicamente expresións contrarias, realizar actos irrespectuosos ou adoptar actitude de menosprezo contra a Constitución, a Coroa e demais órganos, institucións ou poderes ou contra as persoas e autoridades que as encarnan, contra a bandeira, o escudo e o himno nacionais e das demais institucións representativas, así como contra os representantes doutras nacións, as Forzas Armadas e os corpos que as compoñen e outros institutos ou corpos de

natureza militar; así como contra os seus mandos e autoridades militares, cando non constituían infracción máis grave ou delicto.

33. Participar en reunións clandestinas, cando non constituía delicto.

34. Sen solicitar previamente o pase á situación legalmente establecida, estar afiliado a algunha organización política ou sindical, asistir de uniforme ou facendo uso da condición militar a calquera reunión pública ou manifestación se teñen carácter político ou sindical, exercer cargos de carácter político ou sindical ou aceptar candidaturas para eles coas excepcións establecidas polas leis.

Os militares non profesionais deberán cumprila súa obriga de respecta-lo principio de neutralidade política nos termos sinalados pola lei, sen prexuízo de que, fóra dos recintos, acuartelamentos, buques, bases, aeronaves e demais establecementos militares, sen vestir uniforme, e durante o tempo en que non estean obrigados a permanecer e pernoitar neles, poidan realiza-las actividades, políticas ou sindicais, que deriven da súa adscrición dunha ou doutra índole, e sempre que aquelas non se leven a cabo en relación, directa ou indirecta, cos seus compañeiros ou cos seus superiores, nin incidan, directa ou indirectamente, en actos relacionados co servizo, nin coas Forzas Armadas, coa súa organización, estrutura e misións.

35. Non resolver nos prazos legais os recursos interpostos ante sancións impostas pola comisión de faltas leves.

36. Quebrantar unha sanción ou medida preventiva disciplinaria ou facilita-lo seu incumprimento.

37. Cometer falta leve, tendo anotadas e non canceladas polo menos tres faltas sancionadas con arresto.

## CAPÍTULO II

### Sancións disciplinarias

#### Artigo 9.

1. As sancións que se poidan impoñer por faltas leves son:

Reprensión.

Privación de saída da unidade ata oito días.

Arresto de un día a trinta días en domicilio ou unidade.

2. As sancións que se poden impoñer por faltas graves son:

Arresto de un mes e un día a dous meses en establecemento disciplinario militar.

Perda de destino.

Baixa no centro docente militar de formación e outros centros de formación.

3. A imposición de sancións enténdese sempre sen prexuízo das accións que lle correspondan ó prexudicado.

#### Artigo 10.

1. Os oficiais xenerais, oficiais, suboficiais e tropa e mariñeiría profesionais poderán ser sancionados, por falta leve, con reprensión e arresto de un a trinta días no seu domicilio ou unidade, e por falta grave con arresto de un mes e un día a dous meses en establecemento disciplinario militar ou con perda de destino.

2. Os demais militares poderán ser sancionados, por falta leve, con reprensión, privación de saída da unidade ata oito días ou arresto de un a trinta días na súa unidade, e por falta grave, con arresto de un mes e un día a dous meses en establecemento disciplinario militar.

3. Ós alumnos dos centros docentes militares de formación poderáselles impoñer as sancións contidas no número anterior, que se cumprirán no propio centro e sen prexuízo da súa participación nas actividades académicas. Tamén poderán ser sancionados, por falta grave, coa baixa no centro.

#### Artigo 11.

A reprensión é a reprobación expresa que por escrito lle dirixe o superior ó subordinado.

No constitúe sanción disciplinaria a advertencia ou amonestación verbal que, para o mellor cumprimento das obrigas e servizos, se pode facer no exercicio do mando.

#### Artigo 12.

A privación de saída supón a permanencia do sancionado na súa unidade, acuartelamento, base, buque ou establecemento, fóra das horas de servizo, con supresión de saídas ata oito días como máximo.

#### Artigo 13.

O arresto de un a trinta días consiste na restricción de liberdade do sancionado e implica a súa permanencia, polo tempo que dure o seu arresto, no seu domicilio ou no lugar da unidade, acuartelamento, base, buque ou establecemento que se sinala. O sancionado participará nas actividades da unidade, permanecendo nos lugares sinalados o resto do tempo.

#### Artigo 14.

O arresto de un mes e un día a dous meses consiste na privación de liberdade do sancionado e o seu internamento nun establecemento disciplinario militar durante o tempo polo que se impoña. O militar sancionado non participará nas actividades da unidade durante o tempo deste arresto.

Cando concorreren circunstancias xustificadas, e non se causar prexuízo á disciplina, poderase acordalo internamento noutro establecemento militar nas mesmas condicións de privación de liberdade.

#### Artigo 15.

A sanción de perda de destino supón o cesamento no que ocupa o infractor, quen durante dous anos non poderá solicitar novo destino na unidade, localidade ou demarcación territorial específica dos exércitos á que pertencía cando foi sancionado.

#### Artigo 16.

A sanción de baixa no centro docente militar de formación supón a perda da condición de alumno do centro e a do emprego militar que tivese alcanzado con carácter eventual, sen prexuízo da condición militar que tivese antes de ser nomeado alumno.

### CAPÍTULO III

#### Sancións disciplinarias extraordinarias e as súas causas

#### Artigo 17.

Mediante expediente gubernativo poderáselles impoñer sancións disciplinarias extraordinarias ós mili-

tares profesionais. Procederá a incoación de expediente gubernativo polas causas seguintes:

1. Acumular no expediente persoal, durante un período non superior a cinco anos, informes ou cualificacións desfavorables que desmerezan a súa cualificación ou aptitude profesional.

2. Realizar actos gravemente contrarios á disciplina, servizo ou dignidade militar, que non constitúan delito.

3. Embriagarse ou consumir, habitualmente, drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas. Entenderase que existe habitualidade cando se tiver constancia de tres ou máis episodios de embriaguez ou consumo das substancias referidas nun período non superior a dous anos.

4. Manifestar, mediante expresións ou actos con transcendencia pública, unha actitude gravemente contraria á Constitución ou a Súa Maxestade El-Rei.

5. Cometer falta grave tendo anotadas e non canceladas polo menos dúas faltas graves.

6. Ter sido condenado por sentenza firme, en aplicación de disposicións distintas ó Código penal militar, por un delito cometido con dolo que leve implícita a pena de prisión ou cando a condena fose superior a un ano de prisión, se fose cometido por imprudencia. Non se incoará o expediente gubernativo cando proceda a perda da condición de militar como consecuencia da imposición de pena de inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público.

7. Realizar calquera actuación que afecte a liberdade sexual de inferiores ou iguais, do mesmo ou distinto sexo, facendo vale-la condición de superior que se ostente, a maior antigüidade no servizo, nas Forzas Armadas ou na unidade ou destino, a superioridade física ou calquera outra circunstancia análoga, cando tal actuación non constitúa delito.

#### Artigo 18.

Son sancións disciplinarias extraordinarias:

A perda de postos no escalafón.

A suspensión de emprego.

A separación do servizo.

#### Artigo 19.

A perda de postos no escalafón suporá para o sancionado o atraso na orde de escalafonamento, dentro do seu emprego, do número de postos que se determine na resolución do expediente, que non poderá ser superior a un quinto do número dos compoñentes do seu corpo, escala e emprego.

#### Artigo 20.

A suspensión de emprego privará de tódalas funcións que lle son propias por un período mínimo de un mes e máximo de un ano, agás no caso previsto na causa sexta do artigo 17, que o será como máximo polo tempo de duración da condena.

Tamén producirá o efecto de quedar inmobilizado no seu emprego no posto que ocupe e non será de aboamento para o servizo.

Concluída a suspensión, finalizará a inmobilización no emprego e a perda de postos será definitiva.

#### Artigo 21.

A separación do servizo suporá para o sancionado quedar fóra dos exércitos, sen poder volver a ingresar neles voluntariamente, e perde-los dereitos militares

adquiridos, agás o emprego e os dereitos pasivos que consolidase.

Para os militares que manteñen unha relación de servizos profesionais de carácter temporal, a separación do servizo suporá a resolución do compromiso que tiveren contraído.

## CAPÍTULO IV

### Prescrición

#### Artigo 22.

1. As faltas leves prescriben ós dous meses e as graves ós seis meses. Estes prazos comezarán a se contar desde o día en que a infracción se cometese.

2. Nas faltas graves, a prescrición interromperase desde que o procedemento sancionador se dirixa contra o presunto responsable con coñecemento del, volvendo a corre-lo cómputo do prazo de non se encontrar concluído o expediente no tempo de instrucción establecido nesta lei.

#### Artigo 23.

Non se lles poderá esixir responsabilidade disciplinaria ós militares non profesionais cando pasen á reserva do servizo militar, sen prexuízo do disposto no artigo 68 desta lei.

#### Artigo 24.

As sancións prescribirán nos mesmos prazos sinalados no artigo 22. Estes prazos comezarán a contarse desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución sancionadora. A prescrición interromperase cando por calquera motivo non imputable ás autoridades ou mandos con potestade disciplinaria fose imposible o seu cumprimento ou este se suspendese.

#### Artigo 25.

1. A posibilidade de impoñe-las sancións disciplinarias de carácter extraordinario prescribirá ós dous anos de se produci-la causa ou causas que as puidesen motivar. Se esta consistise nunha sentenza xudicial condenatoria, a prescrición comezará a se computar desde que se reciba testemuño dela.

2. A prescrición interromperase desde que o procedemento sancionador se dirixa contra o presunto responsable con coñecemento del, volvendo corre-lo tempo, de non se concluír no prazo de instrucción sinalado nesta lei.

3. As sancións disciplinarias de carácter extraordinario prescribirán ós catro anos computados desde que adquiriron firmeza. A prescrición interromperase polas mesmas causas establecidas no artigo anterior.

## CAPÍTULO V

### Competencia sancionadora

#### Artigo 26.

Todo militar ten o deber de corrixi-las infraccións que observe nos de inferior emprego, xa estean ou non subordinados directamente, calquera que sexa o exército ou corpo ó que pertenzan. Se ademais as xulga merecedoras de sanción, farao en por si se ten potestade san-

cionadora e, se non, daralle parte inmediatamente a quen a teña.

Se se trata dunha falta que pola súa natureza e circunstancias esixe unha acción inmediata para mante-la disciplina e a subordinación, poderá ordena-lo arresto do infractor no seu domicilio ou unidade durante o tempo máximo de corenta e oito horas, en espera da posterior decisión da autoridade ou mando con potestade disciplinaria, a quen lle dará conta da disposición adoptada, de modo inmediato.

#### Artigo 27.

Teñen potestade para lle impoñer sancións ó persoal ás súas ordes:

1. O ministro de Defensa.

2. O xefe do Estado Maior da Defensa, o subsecretario de Defensa e os xefes dos Estados Maiores do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire.

3. Os oficiais xenerais e almirantes, de emprego xeneral de división ou vicealmirante e superior, xefes da forza e do apoio á forza directamente dependentes dos respectivos xefes de Estado Maior e os comandantes en xefe dos mandos operativos que, cos mesmos empregos, estean subordinados directamente ó xefe do Estado Maior da Defensa.

4. Os oficiais xenerais e almirantes non incluídos no número anterior que exerzan mando ou desempeñen xefatura ou dirección de unidade, centro ou organismo.

5. Os xefes ou comandantes de corpo ou unidade independente, de rexemento, á, flotilla, escuadrilla, buque ou unidade similar e os directores ou xefes de centros ou organismos.

6. Os xefes de batallón, grupo, escuadrón aéreo ou unidade similar.

7. Os xefes de compañía ou unidade similar.

8. Os xefes de sección ou unidade similar.

9. Os xefes de pelotón ou unidade similar.

#### Artigo 28.

O ministro de Defensa poderá impoñe-las sancións de repreñión, arresto dun a trinta días, arresto de un mes e un día a dous meses, perda de destino e as sancións disciplinarias extraordinarias.

#### Artigo 29.

O Xefe do Estado Maior da Defensa, o subsecretario de Defensa e os xefes dos Estados Maiores do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire poderán impoñer, no ámbito das súa respectivas competencias, as sancións de repreñión, arresto de un a trinta días, arresto de un mes e un día a dous meses e perda de destino.

O subsecretario de Defensa poderá impoñe-la sanción de baixa no centro docente militar de formación e outros centros de formación.

#### Artigo 30.

Os oficiais xenerais e almirantes, de emprego xeral de división ou vicealmirante e superior, xefes da forza e do apoio á forza directamente dependentes dos respectivos xefes de Estado Maior e os comandantes en xefe dos mandos operativos que, cos mesmos empregos, estean subordinados directamente ó Xefe do Estado Maior da Defensa, poderán sanciona-los oficiais xenerais, oficiais, suboficiais e tropa e mariñeira que estean destinados en unidades que dependan organicamente deles, con repreñión, arresto dun a trinta días e arresto de un mes e un día a dous meses.

## Artigo 31.

Os oficiais xenerais e almirantes non incluídos no artigo anterior que exerzan mando ou desempeñen xefatura ou dirección de unidade, centro ou organismo poderán sanciona-los oficiais xenerais, oficiais, suboficiais e tropa e mariñeiría que estean destinados en unidades que dependan orgánicamente delas, con reprensión e arresto dun a trinta días.

## Artigo 32.

Os xefes ou comandantes de corpo ou unidade independente, de rexemento, á, flotilla, escuadrilla, buque ou unidade similar e os directores ou xefes de centro ou organismo poderán sanciona-los oficiais e suboficiais que estean ás súas ordes, con reprensión e arresto ata catorce días, e a tropa e mariñeiría, en igual caso, con reprensión, privación de saída ata oito días e arresto ata trinta días.

## Artigo 33.

Os xefes de batallón, grupo, escuadrón aéreo ou unidade similar poderán sanciona-los oficiais e suboficiais que estean ás súas ordes, con reprensión e arresto ata oito días, e a tropa e a mariñeiría, en igual caso, con reprensión, privación de saída ata oito días e arresto ata catorce días.

## Artigo 34.

Os xefes de compañía ou unidade similar poderán sanciona-los oficiais e suboficiais que estean ás súas ordes con reprensión e arresto ata catro días a oficiais ou ata oito días a suboficiais, e a tropa e a mariñeiría, en igual caso, con reprensión, privación de saída ata oito días e arresto ata catorce días.

## Artigo 35.

Os xefes de sección ou unidade similar poderán sanciona-los suboficiais que estean ás súas ordes, con reprensión e arresto ata catro días, e a tropa e a mariñeiría, en igual caso, con reprensión, privación de saída ata cinco días e arresto ata oito días.

## Artigo 36.

Os xefes de pelotón ou unidade similar con categoría de suboficial poderán sanciona-la tropa e a mariñeiría que estean ás súas ordes, con reprensión, privación de saída ata cinco días e arresto ata catro días.

## Artigo 37.

As faltas disciplinarias cometidas polos militares que non ocupen destino serán sancionadas polos xefes de rexión ou zona militar, zona marítima, rexión ou mando aéreo ou polo almirante xefe da Xurisdicción Central de Mariña nas demarcacións da cal se cometeu a falta ou, se é o caso, polo xefe do Estado Maior do Exército respectivo e polo subsecretario de Defensa. Igualmente, a dita competencia poderá ser exercida polo ministro de Defensa.

## Artigo 38.

Os xefes ou comandantes de corpo ou unidade independente, rexemento, á, flotilla, escuadrilla, buque ou unidade similar poderán delegar facultades sancionadoras nos mandos subordinados que se encontren á fronte das unidades destacadas ou illadas.

## Artigo 39.

Teñen potestade para lle impoñer sancións ó persoal ás súas ordes os xefes de unidades ou grupos temporais desprazados fóra do territorio nacional, calquera que sexa a denominación que reciban. O exercicio da potestade sancionadora, temporalmente circunscrita á duración da misión para a que foren creadas as ditas unidades ou grupos, dependerá da entidade que estes teñan conforme as regras contidas nos artigos anteriores.

## Artigo 40.

A facultade de sancionar a bordo dos buques da Armada exércena os seus comandantes e as autoridades disciplinarias das que dependan. Os oficiais superiores, o oficial de garda, os comandantes de brigada e xefes de sección ou servicio terán a obriga de corrixi-las infraccións que observen, de acordo co previsto no artigo 26, dándolle conta ó comandante do buque.

Non obstante, os mandos das unidades embarcadas, que non constitúan dotación do buque, conservarán a facultade de sanciona-lo persoal que estea ás súas ordes, durante a duración do transporte, sempre que a acción cometida non afecte a seguridade nin as normas de réxime interior establecidas no buque.

## Artigo 41.

1. A potestade disciplinaria por falta leve sobre os membros do corpo xurídico militar que exerzan funcións xudiciais será exercida polos presidentes dos correspondentes tribunais militares territoriais e, se é o caso, polo auditor-presidente do Tribunal Militar Central, ó cal lle corresponderá tamén sanciona-las faltas graves.

2. A potestade disciplinaria sobre os membros do corpo xurídico militar que exerzan funcións fiscais será exercida polo ministro de Defensa ou polos xefes do seu propio corpo dos que dependan orgánicamente no ámbito das súas respectivas competencias.

3. A potestade disciplinaria nos supostos anteriores será exercida sen prexuízo do que dispoñan as leis sobre organización dos órganos xudiciais militares.

## Artigo 42.

A potestade disciplinaria sobre os membros do corpo militar de intervención, que exerzan funcións interventoras, só poderá ser exercida polo ministro de Defensa ou polos xefes do seu propio corpo dos que dependan orgánicamente, no ámbito das súas respectivas competencias.

## Artigo 43.

A potestade disciplinaria en relación cos alumnos dos centros docentes militares de formación poderá ser exercida polas autoridades a que se refiren os números 1, 2 e 3 do artigo 27 desta lei. Así mesmo, entenderanse incluídos, respectivamente, nos números 4, 5, 6 e 7 do mesmo artigo, coas súas correlativas competencias sancionadoras, os directores de ensino dos exércitos e o titular do órgano responsable en materia de ensino mili-



tar en relación cos alumnos dos corpos comúns; os directores dos centros de formación e xefes de unidade, centro ou organismo en que os alumnos estean completando a súa formación; os xefes de estudos dos ditos centros, e os xefes de unidades de encadramento de entidade batallón e compañía.

## TÍTULO IV

### Procedemento sancionador

#### CAPÍTULO I

##### Disposicións xerais

#### Artigo 44.

1. Para a imposición de calquera sanción disciplinaria será preceptivo tramitá-lo procedemento que corresponda consonte as normas que neste título se establecen.

2. Antes de iniciar un procedemento, a autoridade competente poderá acorda-la práctica dunha información previa para o esclarecemento dos feitos.

3. Na resolución que poña fin a un procedemento por falta grave ou a un expediente gubernativo poderán, sen embargo, ser sancionadas as faltas leves imputables ó expedientado que resulten dos feitos que lle fosen notificados. De igual modo poderán sancionarse faltas graves nun expediente gubernativo.

#### Artigo 45.

Todo militar que observe ou teña coñecemento dun feito ou conducta que constitúa infracción disciplinaria e teña a competencia requirida para iso, impondrá a correspondente sanción se se trata de falta leve, ou ordenará a incoación do oportuno procedemento.

Noutro caso, daralle parte por conducto regulamentario á autoridade ou mando que sexa competente para sanciona-la falta ou ordena-la instrucción do oportuno expediente.

#### Artigo 46.

O parte conterá un relato claro e sucinto dos feitos, as súas circunstancias, a posible cualificación e a identidade do presunto infractor. Estará asinado por quen o emita, que deberá facer consta-los datos necesarios para a súa identificación.

#### Artigo 47.

1. A autoridade ou mando que teña competencia para sancionar comunicarlle por escrito a resolución que adoptase ó interesado, a quen deu parte e, se é o caso, a quen deba ordena-la anotación na documentación do infractor.

2. As notificacións das sancións realizaranse por calquera medio que permita ter constancia da recepción polo interesado, así como da data, a identidade e o contido do acto notificado.

#### Artigo 48.

1. Cando os prazos establecidos en materia de procedemento e recursos se sinalen por días enténdese que estes son hábiles, excluíndose do cómputo os domingos e os declarados festivos.

2. Cando o prazo se exprese en meses ou anos, estes computaranse de data a data. Se no mes de vencemento non houber día equivalente a aquel en que comeza o cómputo entenderase que o prazo expira o último día do mes.

3. Cando o último día do prazo sexa inhábil entenderase prorrogado ó primeiro día hábil seguinte.

4. Os prazos expresados en días contaránse a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate.

Noutro caso contaránse a partir do día da notificación ou publicación do correspondente acto agás que nel se dispoña outra cousa.

#### CAPÍTULO II

##### Procedemento en faltas leves

#### Artigo 49.

A autoridade ou mando que teña competencia para sancionar unha falta leve seguirá un procedemento preferentemente oral, no que verificará a exactitude dos feitos, oír o presunto infractor en relación con eles, comprobará se están tipificados nalgún dos puntos do artigo 7 desta lei e, se procede, graduará e impondrá a sanción correspondente, aténdose ás circunstancias conxuntas no feito e no infractor.

#### Artigo 50.

1. A resolución adoptada, que lle será notificada por escrito ó interesado, conterá, en todo caso, un breve relato dos feitos, no que se recollerán sumariamente as manifestacións do infractor, se expresará a cualificación da falta cometida, con indicación do punto do artigo 7 desta lei en que está incluída, a sanción imposta, as circunstancias do seu cumprimento e os recursos que contra ela procedan, o prazo hábil para recorrer e a autoridade ante quen se deba interpoñer.

2. A notificación por sanción imposta ós militares non profesionais poderá substituírse pola publicación no cadro de arrestos da unidade, que deberá reuni-los requiridos do número anterior.

#### CAPÍTULO III

##### Procedemento en faltas graves

##### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> INICIACIÓN

#### Artigo 51.

1. Terán atribucións para ordena-la incoación do procedemento para sancionar faltas graves, as autoridades a que se refiren os artigos 28 ó 30 desta lei, sen prexuízo do disposto no artigo 41.1.

2. O procedemento seguirase por escrito e o seu prazo de instrucción non poderá exceder de tres meses.

#### Artigo 52.

1. A autoridade que ordene a incoación do procedemento designará un instructor a cargo do cal correrá a súa tramitación. Así mesmo, designarase un secretario que asistirá o instructor.

2. O nomeamento de instructor recaerá nun oficial do corpo xurídico militar ou nun oficial coa formación adecuada, que dependa daquela autoridade, debendo

ser, neste caso, de emprego superior ou máis antigo có de maior graduación dos expedientados. De non reunir ningún esta condición porao en coñecemento da autoridade superior solicitando o dito nomeamento.

3. Serán de aplicación ó instructor e ó secretario as normas sobre abstención e recusación, polas causas e na forma prevista na lexislación procesual militar. A súa resolución corresponderalle á autoridade que fixo os nomeamentos e contra ela non caberá ningún recurso, sen prexuízo de que poida facerse vale-la causa de recusación nos recursos que se interpoñan contra a resolución do procedemento.

#### Artigo 53.

1. O expedientado poderá contar en tódalas actuacións a que dea lugar este procedemento sancionador co asesoramento do avogado ou do militar que designe para o efecto.

2. Cando o militar designado non prestar a súa conformidade á función encomendada, ou se solicitase o asesoramento de militar sen designación específica, ó militar non profesional seralle asignado de oficio polo xefe da súa unidade de entre os oficiais e suboficiais destinados nela.

#### Artigo 54.

1. O procedemento iniciárase por acordo da autoridade competente para ordenalo ó que se xuntará, se é o caso, o parte recibido sobre os feitos. En ausencia deste, conterà o acordo un relato dos feitos.

2. O acordo de inicio do procedemento, co nomeamento de instructor e de secretario, notificaráselle ó expedientado, facéndolle sabe-lo seu dereito a contar con asesoramento nos termos do artigo anterior. Comunicaráselle, tamén, ó fiscal xurídico militar con remisión de copia do escrito de iniciación e o parte, se é o caso.

#### Artigo 55.

1. Cando a natureza e as circunstancias da falta esixan unha acción inmediata para mante-la disciplina, a autoridade que acordase a incoación do procedemento poderá ordena-lo arresto preventivo do presunto infractor nun establecemento disciplinario militar ou no lugar que se designe. En ningún caso poderá permanecer nesta situación máis de un mes e seralle de aboamento para o cumprimento da sanción que lle poida ser imposta.

2. A mesma autoridade, para evitar prexuízo ó servio, poderá acorda-lo cesamento nas súas funcións do presunto infractor por un tempo que non exceda de tres meses. Esta suspensión non terá máis efecto que o seu cesamento no exercicio das súas funcións habituais.

### SECCIÓN 2.<sup>a</sup> DESENVOLVEMENTO

#### Artigo 56.

1. O instructor tomaralle declaración ó expedientado e ordenará a práctica de cantas dilixencias sexan precisas para o esclarecemento dos feitos e a determinación das responsabilidades susceptibles de sanción.

2. Practicadas as actuacións e dilixencias establecidas no número anterior, o instructor formulará o correspondente prego de cargos, se a iso houber lugar, no

que se farán consta-los feitos que lle serven de fundamento, a súa cualificación consonte esta lei e as sancións que lle puidesen ser de aplicación.

3. O prego de cargos notificaráselle ó expedientado con entrega de copia para que, en prazo que non exceda de cinco días, o conteste por escrito, alegando canto considere procedente e propoñendo as probas que coide convenientes para a súa defensa.

#### Artigo 57.

1. O expedientado, se o solicitase, poderá coñecer, en calquera momento, o estado de tramitación do procedemento, e daráselle vista del nos lugares e durante o horario que se sinale.

2. O expedientado poderá obter unha copia selada dos documentos que presente, achegándoa xunto cos orixinais, así como a devolución destes agás cando deban constar no procedemento. Igualmente, poderá obter copia dos documentos contidos no procedemento.

#### Artigo 58.

Contestado o prego de cargos ou transcorrido o prazo para iso, o instructor acordará a práctica das probas admisibles en dereito que xulgue pertinentes. A resolución pola que se denegue a práctica de probas solicitadas polo expedientado será motivada e notificada ó interesado. A resolución non será susceptible de recurso sen prexuízo de que poida reproducir a petición das probas que lle foron denegadas no recurso contra a resolución do expediente.

#### Artigo 59.

1. O instructor, cando considere concluso o procedemento, formulará proposta motivada e fundada de resolución na que fixará con precisión os feitos, manifestará se son constitutivos de infracción, con indicación, se é o caso, de cálexa esta, e solicitará a imposición da sanción que segundo o seu xuízo corresponda.

2. A proposta de resolución seralle notificada ó expedientado, dándolle vista do procedemento, quen poderá formula-las alegacións que coide convenientes no prazo de cinco días.

3. Formuladas as alegacións, ou transcorrido o prazo para iso, remitiráselle o procedemento, con carácter inmediato, á autoridade que ordenou a súa incoación.

#### Artigo 60.

1. Se en calquera fase do procedemento o instructor deduce a inexistencia de responsabilidade disciplinaria, proporá a terminación do expediente sen declaración de responsabilidade, expresando as causas que a motivan.

2. En calquera momento do procedemento en que se aprecie que a presunta infracción disciplinaria puidese ser cualificada como infracción administrativa doutra natureza ou como infracción penal, porase en coñecemento da autoridade que ordenase a súa incoación.

3. O instructor procederá de igual modo cando estime que os feitos puidesen ser constitutivos dunha infracción de maior gravidade que a apreciada inicialmente.

4. O instructor, cando teña coñecemento da tramitación dun procedemento penal sobre os mesmos feitos, solicitará do correspondente órgano xurisdiccional comunicación acerca das actuacións xudiciais.

SECCIÓN 3.<sup>a</sup> TERMINACIÓN

## Artigo 61.

1. Recibido o procedemento concluso coa proposta, a autoridade que dispuxo a súa incoación acordará, se ten competencia para iso, a imposición da sanción que corresponda á falta grave que estime cometida ou a terminación do procedemento sen responsabilidade, que poderá decretarse sen prexuízo de corrixir no mesmo acto a falta leve que resultase terse cometido. Poderá así mesmo, de o estimar incompleto, devolverlo ó instructor para a práctica de determinadas dilixencias ou para emenda-los defectos que se cometesen na súa tramitación.

Con carácter previo a dicta-la resolución será preceptivo o informe non vinculante do asesor xurídico correspondente, agás no suposto do artigo 41.1, ou do asesor xurídico xeral cando corresponda dictala ó ministro de Defensa. Tamén será preceptivo o informe non vinculante do director do centro para impoñe-la sanción de baixa no centro docente militar de formación.

De carecer da competencia necesaria para corrixir-la falta grave que resulte do procedemento, remitiralle tódalas actuacións á autoridade competente, por conducto regulamentario, e notificarallo ó expedientado.

2. Se os feitos puidesen ser cualificados como infracción administrativa ou infracción penal, comunicarllo á autoridade administrativa ou xudicial competente ou ó fiscal xurídico militar.

3. Se os feitos puidesen ser constitutivos dunha infracción disciplinaria de maior gravidade ordenará a incoación do procedemento correspondente.

## Artigo 62.

1. A resolución será motivada e conterá o relato conciso dos feitos, a cualificación da falta grave que se corrixe, con indicación do punto do artigo 8 desta lei en que está incluída, as persoas responsables dela e a sanción que se impoña, coas circunstancias do seu cumprimento e expresa declaración das medidas provisionais adoptadas durante a tramitación do procedemento. Se a sanción imposta fose a de perda de destino deberá concretarse a limitación establecida no artigo 15, con mención da unidade, localidade ou demarcación territorial específica dos exércitos a que pertencía cando foi sancionado.

2. A resolución seralle notificada integramente e por escrito ó interesado, con expresa indicación dos recursos que se poden interpoñer contra ela, o prazo hábil e a autoridade ante quen proceda.

3. A resolución dictada deberá fundarse unicamente nos feitos que lle fosen notificados polo instructor ó interesado, sen prexuízo da súa distinta valoración xurídica sempre que non sexa de maior gravidade.

## Artigo 63.

1. Dentro dos quince días contados desde o seguinte ó da notificación da resolución pola que se impoña unha sanción por falta leve, a autoridade disciplinaria ordenará, se, segundo o seu xuízo, os feitos sancionados puidesen ser constitutivos dunha falta grave ou dunha das causas do artigo 17 desta lei, a apertura do procedemento correspondente, ou daralle parte á autoridade competente para iso.

2. Se o sancionado interpuxese recurso contra a sanción por falta leve, este acumularase ó novo procedemento.

3. Este procedemento deberá concluír, ben confirmando a sanción imposta, ben deixándoa sen efecto, ben apreciando a existencia dunha falta grave ou causa do artigo 17; neste caso acordarase a nulidade da sanción anterior, e imporase a sanción disciplinaria que corresponda, aboándose, se iso fose posible, a sanción xa cumprida.

## CAPÍTULO IV

## Expediente gubernativo

## Artigo 64.

A incoación, tramitación e resolución do expediente gubernativo rexerese polas disposicións establecidas no capítulo anterior coas seguintes especialidades:

1. O prazo máximo de instrución do expediente será de seis meses.

2. O instructor do expediente será un oficial do corpo xurídico militar.

3. O instructor incorporará ó expediente a documentación militar do interesado, as súas cinco últimas conceituacións anuais e cantos datos poidan servir de antecedentes.

4. Tomarase declaración sobre os extremos comprendidos na orde de proceder ó xefe ou comandante do corpo ou unidade independente, á, flotilla, escuadrilla, buque ou unidade similar ou ó director ou xefe de centro ou organismo onde estivese destinado o interesado. Se non tivese destino, os xefes que deberán informar serán os últimos ás ordes dos cales servisen, agregando, en canto á súa conducta, o que conste á autoridade militar do lugar da súa residencia.

5. Os prazos para contesta-lo prego de cargos e para formular alegacións á proposta do instructor serán de dez días.

6. Previamente á imposición de sanción será preceptivo oí-lo consello superior, ou a xunta superior, do exército ou corpo a que pertenza o expedientado.

## Artigo 65.

1. Se o procedemento se iniciou pola notificación do órgano xudicial da condena imposta ó expedientado, o instructor daralle traslado dela para que, no prazo de dez días, formule as alegacións e propoña as probas que estime oportunas.

2. O instructor poderá non admitir outras probas distintas daquelas que pretendan demostra-la falsidade ou inexistencia da sentenza notificada ou a falta de firmeza dela.

3. Formuladas as alegacións á proposta do instructor, ou transcorrido o prazo para iso, remitiráselle o expediente ó ministro de Defensa, que o resolverá, logo de informe da Asesoría Xurídica Xeral. Se se practicou proba, daráselle de novo audiencia ó expedientado previamente para que poida formular alegacións en dez días sobre o expediente completo.

## Artigo 66.

No suposto do artigo anterior, ó expedientado impoñeráselle a sanción de separación do servizo ou de suspensión de emprego ata o tempo de duración da condena como máximo, se esta fose superior a tres anos de prisión por calquera delicto, ou sendo inferior, se fose por delitos dolosos de homicidio, lesións, ameazas, coaccións, contra a liberdade sexual, contra o patrimonio

e contra a orde socioeconómica, contra a saúde pública e falsidades. Noutro caso poderá impoñerse a sanción de perda de postos no escalafón ou a suspensión de emprego ata o tempo da duración da condena como máximo.

## CAPÍTULO V

### Cumprimento das sancións

#### Artigo 67.

As sancións disciplinarias serán inmediatamente executivas e comezarán a se cumprilo mesmo día en que se lle notifique ó infractor a resolución pola que se lle impoñen. Nos arrestos por falta grave, a autoridade que os interpuxese adoptará as medidas oportunas para o inmediato ingreso do sancionado en establecemento disciplinario, ou noutro establecemento militar que dependa dela, séndolle de aboamento o tempo de privación ou restricción de liberdade sufrido polos mesmos feitos e o transcorrido desde o día da notificación. Exceptúase o caso en que se acordase a suspensión da sanción de privación de liberdade, durante o tempo de tramitación do recurso que se interpoña.

#### Artigo 68.

1. A imposición dalgún dos arrestos definidos nos artigos 13 e 14 desta lei impedirá que os militares non profesionais pasen á reserva do servizo militar ata o seu cumprimento.

2. Unha vez cumprido o arresto, se a súa duración excedese do tempo de servizo que no momento da súa imposición lle quedase ó sancionado, este pasará á reserva do servizo militar.

3. A imposición dos arrestos mencionados levará aparellada, respecto dos militares que manteñen unha relación de servizos profesionais de carácter permanente, que a súa solicitude de renuncia á condición de militar non producirá efectos entrementes non finalice o seu cumprimento, e, respecto dos militares que manteñen unha relación de servizos profesionais de carácter temporal, que a data de finalización do seu compromiso se atrasará ata que se cumbran, sen prexuízo da súa resolución consonte o disposto en su normativa específica.

#### Artigo 69.

Cando concorran varias sancións e non sexa posible o seu cumprimento simultáneo levarase a cabo na orde en que foron impostas, agás os arrestos, que se cumprirán con preferencia ás demais e entre eles por orde de maior a menor gravidade. Se a suma deles excede de catro meses non se cumprirá o tempo que supere o dito límite.

#### Artigo 70.

As autoridades a que se refiren os artigos 28 ó 30 desta lei e, se é o caso, o auditor presidente do Tribunal Militar Central, que impuxesen unha sanción disciplinaria, poderán acordar de oficio a súa suspensión por un prazo inferior á súa prescrición, ou a inexecución da sanción, cando mediar causa xusta para iso e non se causase prexuízo á disciplina.

As demais autoridades e mandos con competencia sancionadora poderano propoñer respecto ás sancións por elas impostas, ás autoridades mencionadas no parágrafo anterior, as cales resolverán de acordo co establecido nel.

## CAPÍTULO VI

### Anotación e cancelación

#### Artigo 71.

Tódalas sancións disciplinarias, agás a de repreensión, anotarase na documentación militar do sancionado. Na nota estampada figurará, ademais, a expresión clara e concreta dos feitos e a súa cualificación.

#### Artigo 72.

1. As notas desfavorables a que fai referencia o artigo anterior serán canceladas, agás a de separación do servizo, por instancia do interesado, unha vez transcorrido o prazo dun ano, de dous anos ou de catro anos segundo se trate, respectivamente, de sancións impostas por falta leve, por falta grave ou de sancións disciplinarias extraordinarias.

2. Os mesmos efectos producirá o transcurso dos prazos establecidos no número anterior e seis meses máis.

3. Os ditos prazos contarase desde o cumprimento da sanción, ou desde a data en que esta finalizase, en caso de inexecución dela, sempre que durante ese tempo non lle fose imposta ningunha pena ou sanción disciplinaria, nin se lle estivese instruindo un procedemento penal ou disciplinario.

4. As anotacións por falta leve dos alumnos dos centros de formación cancelaranse, en todo caso, cando se incorporen á súa escala.

#### Artigo 73.

Regulamentariamente determinarase o procedemento para as cancelacións previstas no artigo anterior. Se non se producise a cancelación debida, poderá recorrerse mediante recurso ordinario, e contra a súa resolución caberá interpoñer recurso contencioso-disciplinario militar ante o Tribunal Militar Central.

#### Artigo 74.

1. Acordada a cancelación, procederase a eliminar da documentación do interesado a sanción anotada por falta leve, e redactarase de novo sen ningunha mención ou referencia á falta cometida nin á sanción imposta.

2. A cancelación dunha anotación de sanción por falta grave, ou sanción disciplinaria extraordinaria, producirá o efecto de anula-la inscrición sen que poida certificarse dela, salvo cando o soliciten as autoridades competentes para iso, para os exclusivos efectos das clasificacións regulamentarias, de concesión de recompensas e do outorgamento daqueles destinos o desempeño dos cales se considere incompatible coa natureza das conductas que determinasen as sancións de que se trata.

## TÍTULO V

### Recursos

#### Artigo 75.

1. Contra as resolucións sancionadoras, os interesados poderán interpoñer os recursos previstos nos artigos seguintes sen prexuízo do cumprimento da sanción imposta.

2. Os recursos presentarase por escrito, serán sempre motivados e en ningún caso poderán facerse de forma colectiva.

#### Artigo 76.

1. O recurso dirixirase por conducto regulamentario á autoridade ou mando superior ó que impuxo a sanción,

tendo en conta a graduación xerárquica sinalada no artigo 27 e, se é o caso, o previsto nos artigos 41 e 42. Cando o recurso se interpoña contra sancións impostas ós alumnos dos centros de formación, a graduación xerárquica será a sinalada no artigo 43.

2. Cando a sanción fose imposta polo auditor presidente do Tribunal Militar Central, o recurso interporase perante a Sala de Goberno deste tribunal.

3. Cando a sanción fose imposta polo ministro de Defensa, o recurso interporase ante esta autoridade.

4. O recurso poderá interporse nun prazo de quince días, que se iniciará o día seguinte ó de notificación da sanción. Se esta fose de arresto o prazo finalizará ós quince días do seu cumprimento.

#### Artigo 77.

1. Contra a resolución pola que se impón sanción por falta leve, poderá interporse o recurso establecido no artigo anterior.

2. A resolución do recurso porá fin á vía disciplinaria agás cando a dictase un mando de rango inferior a xefe ou comandante de corpo ou unidade independente, rexeimento, á, flotilla, escuadrilla, buque ou unidade similar; neste caso poderá interporse un segundo recurso ante o dito xefe ou comandante no prazo de quince días a partir do día seguinte ó da notificación da resolución obxecto de recurso.

3. Contra as resolucións citadas que poñan fin á vía disciplinaria poderá interporse, cando afecten o exercicio dos dereitos fundamentais da persoa, o recurso contencioso-disciplinario militar preferente e sumario consonte o disposto na lexislación procesual militar.

#### Artigo 78.

Contra a resolución pola que se impón sanción por falta grave poderá interporse o recurso procedente regulado no artigo 76. A resolución do dito recurso porá fin á vía disciplinaria e contra ela poderá interporse recurso contencioso-disciplinario militar conforme o disposto na lexislación procesual militar.

#### Artigo 79.

Contra a resolución pola que se impón unha sanción disciplinaria extraordinaria poderá interporse recurso de reposición ante o ministro de Defensa no prazo de un mes. Contra a súa resolución poderá interporse recurso contencioso-disciplinario militar, conforme o disposto na lexislación procesual militar.

#### Artigo 80.

1. As autoridades e mandos competentes para resolve-los recursos en vía disciplinaria, dictarán resolución no prazo de un mes. Haberá que se ater ó disposto na lexislación procesual militar en canto ós efectos da ausencia de resolución no prazo establecido.

2. En todo caso, a autoridade perante a que se recorre comprobará se se respectou o procedemento establecido, levará a cabo as indagacións pertinentes e revisará ou considerará os feitos, a súa cualificación, e a sanción imposta, que poderá anular, diminuír ou manter.

3. A resolución adoptada notificaráselle ó recorrente con indicación do recurso que proceda contra ela, o prazo hábil para recorrer, e a autoridade ou órgano xudicial ante quen se debe interpor. Así mesmo, a resolución comunicaráselle á autoridade que impuxo a sanción.

#### Artigo 81.

O sancionado poderá solicita-la suspensión das sancións por falta grave e extraordinarias durante o tempo de tramitación do recurso. A autoridade competente para o coñecemento do recurso deberá resolve-la dita petición no prazo de cinco días, debendo denegarse se con ela se causa prexuízo á disciplina militar. Transcorrido o dito prazo entenderase desestimada a solicitude sen prexuízo da obriga de resolver expresamente.

#### Disposición adicional primeira.

Os tribunais da xurisdicción ordinaria porán en coñecemento do Ministerio de Defensa toda resolución que poña fin ós procesos penais que afecten o persoal sometido á presente lei.

#### Disposición adicional segunda.

O recurso regulado no artigo 201 da Lei 85/1978, do 28 de decembro, de reais ordenanzas para as Forzas Armadas, non poderá ser utilizado para as reclamacións que teñan a súa orixe nesta lei, que deberán axustarse ó preceptuado nela.

#### Disposición adicional terceira.

A Lei orgánica 4/1987, do 15 de xullo, de competencia e organización da xurisdicción militar, modifícase nos seguintes termos:

##### 1. O artigo 122 queda redactado da forma seguinte:

«As faltas comprendidas na Lei orgánica de réxime disciplinario das Forzas Armadas que, como militares e cando non actúen no exercicio dos seus cargos, cometan os membros dos tribunais militares, xuíces togados militares, fiscais e secretarios relatores, serán sancionadas consonte a citada lei.»

##### 2. O artigo 123 queda redactado da forma seguinte:

«Para a imposición das sancións disciplinarias extraordinarias reguladas na Lei orgánica de réxime disciplinario das Forzas Armadas ós militares que exerzan funcións xudiciais, precisarase proposta favorable da Sala de Goberno do Tribunal Militar Central. Cando exerzan funcións fiscais, deberase oír no expediente o fiscal togado.»

#### Disposición adicional cuarta.

A Lei orgánica 11/1991, do 17 de xuño, do réxime disciplinario da Garda Civil, modifícase nos seguintes termos:

##### Un. O artigo 2 queda redactado da forma seguinte:

«Están suxeitos á presente lei os membros da Garda Civil comprendidos en calquera das situacións administrativas en que se manteñan os dereitos e obrigas inherentes á condición militar.

Os alumnos dos centros docentes de formación e de perfeccionamiento da Garda Civil estarán suxeitos ó previsto nesta lei. As infraccións de carácter académico non están incluídas no réxime disciplinario da Garda Civil.»

Dous. No artigo 8 prodúcense as seguintes modificacións:

##### O número 10 queda redactado deste modo:

«10. A ausencia do destino ou residencia, con infracción das normas sobre permisos, por un prazo superior a vinte e catro horas, cando non constitúa delito.»

O número 28 pasa a ser o número 34 do dito artigo 8. Engádense, co texto que se indica a continuación, novos puntos números 28, 29, 30, 31, 32 e 33:

«28. Realizar accións que supoñan vexame ou menosprezo a subordinados ou compañeiros, deixar de auxilia-lo compañeiro en perigo ou levar a cabo accións ou omisións contrarias á dignidade militar susceptibles de produciren descrédito ou menosprezo da Institución.

29. Instalar ou ordena-la instalación de videocámaras fixas ou medios técnicos análogos para fins previstos pola lei, sen cumprir tódolos requisitos legais.

30. Infrinxir de calquera modo as condicións ou limitacións fixadas na resolución pola que se autorizou unha videocámara fixa ou medio técnico análogo.

31. Utilizar ou ordena-la utilización de videocámaras móbiles, sen cumprir tódolos requisitos esixidos pola lei.

32. Conserva-las gravacións lícitamente efectuadas con videocámaras ou medios técnicos análogos por máis tempo ou fóra dos casos permitidos pola lei, ou cedelas ou copias cando a lei o prohibe.

33. Calquera outra infracción á normativa legal sobre utilización de videocámaras polas forzas e corpos de seguridade en lugares públicos, que non constitúan falta moi grave ou delicto.»

Tres. Os número 3 ó 11 do artigo 9 pasan a se numerar, correlativamente e pola mesma orde que teñen, como 4 ó 12, e engádense un novo número 3 coa seguinte redacción:

«As infraccións que se expresan a continuación, relativas á normativa legal sobre utilización de videocámaras polas forzas e corpos de seguridade en lugares públicos:

A) Alterar ou manipula-los rexistros de imaxes ou sons, sempre que non constitúa delicto.

B) Permitti-lo acceso de persoas non autorizadas ás imaxes e sons gravados, ou utilizar estes para fins distintos dos previstos legalmente.

C) Reproduci-las imaxes e sons para fins distintos dos previstos legalmente.

D) Utiliza-los medios técnicos regulados na dita normativa legal para fins distintos dos previstos nela.»

Catro. No número 2 do artigo 10 e no número 2 do artigo 13 substitúese a expresión «arresto de un mes e un día a tres meses» por «arresto de un mes e un día a dous meses».

Cinco. No número 3 do artigo 10 substitúese a expresión «suspensión de emprego de un mes a un ano» por «suspensión de emprego».

Seis. Engádense un segundo parágrafo ó número 2 do artigo 13, coa seguinte redacción:

«Cando concorran circunstancias xustificadas, e non se cause prexuízo á disciplina, poderase acorda-lo internamento noutro establecemento nas mesmas condicións de privación de liberdade.»

Sete. O número 1 do artigo 16 queda redactado da forma seguinte:

«A suspensión de emprego privará de tódalas funcións propias del por un período mínimo de un mes e máximo dun ano, agás cando se impona pola falta moi grave prevista no número 11 do artigo 9, en que o será como máximo polo tempo de duración da condena.»

Oito. Nos artigos 19.3 e 23 substitúese a expresión «Os xefes de tercio» pola de «Os xefes de zona», permanecendo inalterable o contido de ámbolos preceptos.

Nove. Nos artigos 19.7 e 27 substitúese a expresión «Os xefes de liña» pola de «Os xefes de sección», permanecendo inalterable o contido de ámbolos preceptos.

Dez. Numérase co 1 o parágrafo único do artigo 30 e engádense un número 2, coa seguinte redacción:

«2. Teñen potestade para impor sancións ó persoal ás súas ordes os xefes de unidades ou os grupos temporais da Garda Civil desprazados fóra do territorio nacional, calquera que sexa a denominación que reciban. O exercicio da potestade sancionadora, temporalmente circunscrita á duración da misión para a que foron creadas as ditas unidades ou grupos, dependerá do emprego que teña o seu xefe, consonte as regras contidas nos artigos anteriores.»

Once. No número 2 do artigo 35 substitúese a expresión «polas mesmas causas poderá acordarse o cesamento» pola seguinte «polas mesmas causas ou para evitar un grave prexuízo ó servizo, poderá acordarse o cesamento».

A referencia ó artigo 9.10, contida no número 4 do artigo 53, entenderase ó artigo 9.11.

Doce. O número 2 do artigo 55 queda redactado da forma seguinte:

«Nos arrestos de un mes e un día a dous meses, a autoridade que os impuxese adoptará as medidas oportunas para o inmediato ingreso do sancionado en establecemento disciplinario ou noutro establecemento que dependa dela, séndolle de aboamento o tempo de privación ou restricción de liberdade sufrido polos mesmos feitos e o transcorrido desde o día da notificación.»

Trece. No artigo 57, substitúese a expresión «se a suma deles excede de seis meses» por «se a suma deles excede de catro meses».

Catorce. Numérase co 3 o punto 2 do artigo 60, engadíndose un novo número 2 coa seguinte redacción:

«2. Os mesmos efectos produciranse ós seis meses do transcurso dos prazos establecidos no número anterior.»

Así mesmo, o novo número 3 do artigo 60 queda coa seguinte redacción:

«Os ditos prazos contarán desde que se cumprise a sanción, sempre que durante ese tempo non lle fose imposto ó interesado ningunha pena ou sanción disciplinaria, nin se lle estivese instruindo un procedemento penal ou disciplinario.»

Quince. O número 2 do artigo 62 queda redactado da forma seguinte:

«2. A cancelación dunha anotación de sanción por falta grave ou moi grave producirá o efecto de anula-la inscrición, sen que poida certificarse dela, agás cando a solicitasen as autoridades competentes para iso e para os exclusivos efectos das clasificacións regulamentarias, da concesión de recompensas e do outorgamento daqueles destinos o desempeño dos cales se considere incompatible coa natureza das conductas que determinasen as sancións de que se trata.»

Dezaseis. O número 1 do artigo 66 queda redactado da forma seguinte:

«Contra as resolucións do ministro de Defensa que imponhan algunha das sancións previstas nesta lei poderase interpor recurso de reposición ante a mesma autoridade, no prazo de un mes, sen prexuízo da vía contencioso-disciplinaria militar a que se refiren os dous artigos anteriores.»

Dezasete. Engádese unha disposición adicional terceira coa seguinte redacción:

«1. A aplicación da presente lei ós alumnos dos centros docentes de formación da Garda Civil efectuarase con observancia do previsto nos números seguintes.

2. Para aqueles alumnos que sendo membros da Garda Civil ingresasen no centro para accederen a outra escala:

a) A baixa do interesado no centro de formación será inherente ás sancións de separación do servizo, suspensión de emprego e perda de destino.

b) Tódalas sancións de arresto cumpriranse no propio centro e sen prexuízo da participación do alumno nas actividades académicas.

c) Corresponderanlles ó xeneral xefe de Ensino da Garda Civil, ós directores dos centros docentes de formación do instituto, xefes de unidade, centro ou organismo en que os alumnos estean completando a súa formación, ós xefes de estudos dos ditos centros docentes e ós xefes de unidade de ensino ou denominación equivalente, correlativamente, a potestade e competencias sancionadoras establecidas nos números 2 ó 5 do artigo 19 e nos artigos 22 ó 26 desta lei orgánica.

3. Para os restantes alumnos dos centros de formación da Garda Civil:

a) As faltas moi graves que tipifica o artigo 9 da presente lei orgánica consideraranse e sancionaranse como faltas graves.

b) A sanción de perda de destino queda substituída pola de baixa no centro docente, cos efectos que determina o número 3 do artigo 59 da Lei 17/1989, do 19 de xullo, do réxime do personal militar profesional.

c) En todo caso, e para as sancións de arresto, será aplicable o que determina o número b) do número 2 desta disposición adicional.

d) A competencia para impoñela sanción de baixa no centro docente de formación corresponderá ó subsecretario de Defensa, logo de informe do director do centro. Contra a resolución pola que se impoña esta sanción, caberá interpoñer recurso de alzada ante o ministro de Defensa.

No demais, e sen prexuízo das competencias do director xeral da Garda Civil e do subdirector xeral de persoal da Garda Civil, será aplicable o disposto no parágrafo 2.c) anterior.

4. Continuaranse e resolveranse consonte o disposto nos números anteriores os procedementos sancionadores en que se encontrasen incurso militares que adquiran a condición de alumnos de calquera centro.

5. A incoación de expediente disciplinario ou gubernativo contra un alumno impedirá que o interesado sexa declarado apto no curso académico correspondente, ata tanto sexa firme na vía disciplinaria a resolución que naquel se dicte e sen prexuízo dos efectos que de tal resolución puidesen dimanar. Será nulo todo acto ou decisión que contraveña o antes establecido.»

Disposición adicional quinta.

O artigo 65.1.d) da Lei 17/1989, do 19 de xullo, reguladora do réxime do persoal militar profesional, queda redactado da forma seguinte:

«Pena principal ou accesoria de perda de emprego, de inhabilitación absoluta ou de inhabilitación especial para emprego ou cargo público.

O ministro de Defensa poderá concederla rehabilitación, a petición do interesado, de quen fose condenado a pena principal ou accesoria de inhabilitación especial para emprego ou cargo público ata tres anos, atendendo as circunstancias e entidade do delito cometido, e cando se cumprise a pena.»

Disposición adicional sexta.

Engádese un número 3 ó artigo 2 da Lei 28/1994, do 18 de outubro, pola que se completa o réxime do persoal do corpo da Garda Civil, coa seguinte redacción:

«3. O ministro de Defensa poderá, por proposta motivada do ministro do Interior, concederla rehabilitación dos membros do corpo da Garda Civil coas mesmas condicións e requisitos previstos no segundo parágrafo do artigo 65.1.d) da Lei 17/1989, do 19 de xullo, reguladora do réxime do persoal militar profesional.»

Disposición transitoria primeira.

As faltas disciplinarias cometidas con anterioridade á data de entrada en vigor desta lei serán sancionadas conforme a normativa anterior, agás que as disposicións da presente lei fosen máis favorables ó interesado; neste caso aplicarase esta.

Os procedementos que na referida data se encontrasen en tramitación continuarán rexéndose, ata a súa conclusión, polas normas vixentes no momento da súa iniciación, salvo naquilo en que a presente lei fose máis favorable ó expedientado.

En todo caso, daráselle audiencia ó interesado.

Disposición transitoria segunda.

Quen á entrada en vigor desta lei superase o tempo de dous meses no cumprimento dunha sanción de arresto por falta grave será inmediatamente posto en liberdade, agás que tiver pendentes outras responsabilidades disciplinarias.

No mesmo caso, será tamén posto en liberdade, cando cumpran dous meses de internamento, quen estea cumprindo unha sanción de arresto por falta grave de superior extensión.

Disposición transitoria terceira.

Á entrada en vigor desta lei cesarán os efectos das sancións de arresto, no suposto previsto no seu artigo 69, cando se superase, ou desde o momento en que se cumpra, o tempo de catro meses no seu cumprimento sucesivo.

Disposición derogatoria única.

Queda derogada a Lei orgánica 12/1985, do 27 de novembro, e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido na presente lei.

Disposición derradeira primeira.

A Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento

administrativo común, e a Lei orgánica 2/1989, do 13 de abril, procesual militar, serán de aplicación subsidiaria en tódalas cuestións de procedemento e recurso non previstas nesta lei.

#### Disposición derradeira segunda.

As disposicións adicionais quinta e sexta teñen carácter de lei ordinaria.

#### Disposición derradeira terceira.

Facúltase o Goberno para dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento da presente lei orgánica.

#### Disposición derradeira cuarta.

A presente lei orgánica entrará en vigor ós dous meses da súa publicación no «Boletín oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 2 de decembro de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

### **28244** REAL DECRETO-LEI 16/1998, do 4 de decembro, polo que se financia o acordo interprofesional sobre formación continua na Comunidade Autónoma do País Vasco. («BOE» 293, do 8-12-1998.)

O 27 de setembro de 1995 subscribiuse o acordo interprofesional sobre formación continua na Comunidade Autónoma do País Vasco, tendo como ámbito material a formación continua de traballadores ocupados.

Por outra parte, para 1998 a disposición adicional décimo segunda da Lei 65/1997, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1998, regula o financiamento da formación continua.

Téndose alcanzado na comisión tripartita de seguimento un acordo parcial sobre a asignación de fondos para o financiamento do acordo interprofesional do País Vasco, cómpre garanti-lo financiamento total da formación continua na Comunidade Autónoma do País Vasco.

Concorrendo, en virtude do exposto, a extraordinaria e urxente necesidade de atende-lo financiamento do acordo interprofesional sobre formación continua da Comunidade Autónoma do País Vasco, de acordo coa facultade que reconece ó Goberno o artigo 86 da Constitución española, por proposta dos ministros de Traballo e Asuntos Sociais e de Economía e Facenda, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de decembro de 1998,

#### DISPONGO:

#### Artigo único.

1. Para o ano 1998, o Estado asume o financiamento do acordo interprofesional sobre formación continua na Comunidade Autónoma do País Vasco, por importe de 3.100 millóns de pesetas, que se sufragará con cargo ó orzamento de gastos do Instituto Nacional de Emprego.

2. Para dar cumprimento ó disposto no número anterior deste artigo, concédese no orzamento de gastos,

exercicio de 1998, do Instituto Nacional de Emprego, un crédito extraordinario, financiado con cargo a remanente de tesourería, segundo detalle:

Aplicación orzamentaria	Denominación	Importe/pesetas
Orzamentos de gastos		
19.101.324A.483.07(N)	A Fundación Vasca Hobetuz para a formación continua-Langileen prestakuntzarako euskal fundazioa para financiar en 1998 o acordo interprofesional sobre formación continua na Comunidade Autónoma do País Vasco .....	3.100.000.000
Orzamento de ingresos		
19.101.870	Remanente de tesourería .....	3.100.000.000

3. O Instituto Nacional de Emprego, cando entre en vigor este real decreto-lei, contabilizará no seu orzamento o crédito extraordinario que se concede, co detalle indicado no número anterior.

#### Disposición adicional única.

A subvención obxecto de aprobación neste real decreto lei rexeráse polo disposto na Orde do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais do 23 de xullo de 1998 («Boletín Oficial del Estado» do 11 de agosto), pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de axudas ás accións acollidas ó acordo interprofesional sobre formación continua na Comunidade Autónoma do País Vasco para 1998.

#### Disposición derradeira única.

O presente real decreto-lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 4 de decembro de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

### **28472** LEI 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias. («BOE» 295, do 10-12-1998.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A Constitución española, no seu artigo 31.1, establece que: «Todos contribuirán ó sostemento dos gastos públicos de acordo coa súa capacidade económica